

UN MUNDO CHAMADO LOIS

Xosé Manuel Pereiro

Resumo: o Día das Letras Galegas é un instrumento cultural que sitúa a un autor e á súa obra diante de toda a sociedade galega para que o descubra, o analice, o faga seu ou o ignore. O caso de Lois Pereiro foi o dunha grande descuberta dun autor e dunha obra. Un poeta considerado marxinal, cantor da morte e da traxedia, pero que tamén o foi da vida e do amor, e que conseguiu, con apenas dous libros publicados en vida, ser un mito literario.

Abstract: The Day of Galician Letters is a cultural tool that places an author and his work before all Galician society to be discovered, analyzed, appropriated or forgotten. Lois Pereiro's case was that of the discovery of a great author and his work. A poet considered marginal, cantor of death and tragedy, but also of life and love, and who managed, with just two books published in his lifetime, to become a literary myth.

Palabras chave: Lois Pereiro, Día das Letras, poesía, morte, vida, amor, marxinalidade.

Key words: Lois Pereiro, Galician Letters Day, poetry, death, love, marginality.

A gran vantaxe do Día das Letras, para min a operación de máis éxito da cultura galega, e de moitas das veciñas, é que dá a oportunidade de -ou máis ben esixe- colocar non só un libro ou a obra, senón a todo ese mundo que é un autor, diante de todos os focos: dos que coñecían toda a súa obra ou só unha parte, dos que a tiñan como un lume aceso e dos que a descubren, de quen o coñeceu e de quen gustaría de coñecelo, das grandes institucións e das pequenas guerrillas da cultura, dos editores, dos críticos, dos libreiros, dos profesores, dos alumnos, das asociacións de veciños e das empresas. Un autor decepciona a uns e satisfai a outros, pero é raro que deixe indiferente a ninguén. O Día das Letras eleva ou sepulta. Que a designación sexa polémica é unha mostra máis de que interesa. (Outra cousa é que haxa quen a desenvolve con educación e quen non).

Porque un autor non é soamente a súa obra. Non é unha relación de libros, nin soamente a influencia grande ou pouca que tiveron e teñen. Un autor é un mundo, máis ou menos grande, máis ou menos complexo. Son os seus libros e os

efectos que produciron no seu tempo e nos tempos seguintes, na literatura, nos lectores e na época na que viviu. É a súa vida, a xente que o coñeceu, os amores que tivo e os odios que espertou.

A relación dese mundo cos dos outros autores. Por iso necesitamos coñecer e apreciar un autor, a maiores das súas achegas literarias. É un signo dos tempos, como evidencia que non hai libro sen a foto do autor na contraportada ou na lapela e que ata os toureiros teñen que ser agraciados para triunfar. Podemos amar a obra de alguén ao que odiaríamos como persoa, pero como dicía o propio Lois no coloquio con Rivas que se recolle no volume de ensaios *Unha modesta proposición*, “eu tampouco creo que o autor e a súa obra poidan separarse, como fai un carpinteiro ou un funcionario de Correos despois de ter rematado o seu traballo. De feito creo cada vez máis na íntima relación estética e moral dun artista e da súa arte”.

Non son eu quen ten que cualificar este ano Lois Pereiro que estamos a despedir. Pero por moita imparcialidade e distancia que queira poñer, non teño outra que recoñecer que foi un ano... distinto. Pavero incluso. Un ano desde logo intenso e extenso. Editáronse, de Lois ou sobre Lois, 25 libros. Polo menos outros catro sairán en breve. Traduciuse a obra completa ao castelán e a poética completa tamén ao inglés e traducirase ao búlgaro. Publicáronse tres discos e sairá un cuarto. Tres longametraxes documentais e varias curtas. Un espectáculo teatral audiovisual e varias montaxes. Dúas exposicións interactivas. Centos de recitais e concertos simultáneos en todo o mundo –o Vento Lois- e unha manifestación con banda de música. Versos seus convertéronse en letras de cancións de rock e foron difundidos pola megafonía dos supermercados interrompendo as listas de ofertas do día. Fixéronse pintadas e murais nas rúas, chapas, camisetas, selos de correos, pousavos e unha coreografía ximnástica para nenos. E tivo unha presenza moi activa no chamado mundo virtual (pero que ten xente detrás): unha web, un grupo de facebook e unha conta en twitter. Os actos do Día das Letras comezaron nas redes sociais. (Tamén provocou, nada máis ser anunciado o acordo da Academia, a descuberta do *caneirómetro*, un instrumento científico de medida da calidade literaria obxectiva).

Non vou ser tan feto, que dicía a nosa outra avoa Emilia, como para proclamar que o Ano Lois conectou a cultura oficial coa sociedade. Pero si que vencellou o Día das Letras cun sector que non tiña moitas expectativas sobre os homenaxeados no Día das Letras, nin quizais moitas tampouco sobre a cultura galega. E eses sectores fixérono seu. Hai xente que pensa, preguntoumo máis dun, que estas cousas fainas un comité. Efectivamente, neste caso houbo un comité central, unha célula bolxevique, ou menxevique. Os nomes están na mente de todos. Pero coido que o que pasou, pasou por outras razóns. Falaba

antes da foto nas portadas. Nos libros que Lois editou en vida non había foto, pero non facía falta. A pesar da etiqueta de maldito que soportaba, mesmo en vida, a realidade é que era todo o coñecido que pode ser un poeta nun país en que hai moitos, e paradoxalmente, un relativo interese pola cultura propia.

Outra cousa é que non se prodigase nos círculos sociais literarios, ou que se limitase a atender amablemente as peticións de colaboración ou presenza que lle facían, no canto de practicar o tradicional -e hoxe case admitido como disciplina olímpica- deporte de petar en canta porta hai. Non era un autor recoñecido, pero si un autor coñecido. Vender 3.500 exemplares de dous libros nunha editorial pequena, sen publicidade, e facendo en total na súa vida tres presentacións non é ser un poeta de minorías. En 1996, os críticos literarios de La Esfera de los Libros de *El Mundo* escolleron *Poesía última* como mellor poemario do ano en España. O pasado mes de setembro, a enquisa mensual que fai *El Cultural*, do mesmo medio, entre librerías franquiciadas (nas que o peso da editorial é relevante) situaba a obra completa bilingüe como o terceiro libro máis vendido en poesía en todo o Estado.

Estas dúas circunstancias, a súa forma de estar na vida e a súa obra fixeron de Lois un mito á vez potente e oculto, mesmo para moitos dos que sachan nesa leira e non saben que hai nela. Foi como o lume que consume as terras de turba, que arde soterrado durante tempo e quilómetros, apenas fumegando, ata que por calquera razón, neste caso a arriscada decisión da Academia, irrompe no exterior, e convértese nun volcán. O Ano Lois foi consecuencia dese fenómeno, da paixón dos *loisistas* (esa etiqueta creada e difundida nas redes sociais) catalizada e esporeada pola designación para o Día das Letras. Xurdiu como unha festa dionísíaca, na que se prestaron a participar tanto os que coñecían a Lois (a súa vida ou a súa obra) como os que non, pero quedaron afectados pola súa forza expansiva. O Vento Lois. Ese vento formárono editores, escritores, músicos, xente que gardaba os seus libros e tiña o seu nome como un contrasinal. Repito, a Real Academia propuxo un nome o 26 de xuño de 2010, e a reacción veu, como todas as verdadeiras, desde abaixo, e en rede.

Un fenómeno desas dimensións provoca reaccións tan dispares como comprensibles. Como apuntei antes, hai polémica se hai vida, senón hai incenso e ritos funerarios. Como xa me estendín sobre os aspectos positivos, vou citar os negativos. As críticas, por unha banda, de que a celebración da vida/obra de Lois Pereiro foi excesiva, ou desacertada, amparándose ás veces nun suposto fío directo coa vontade do celebrado, ou na pretendida salvagarda da esencia pereiriana, e outras nese sentimento de perda que lle produce a moita xente o feito de que o que compartía cunha pequena presada de persoas se faga masivo. Por outra, o reforzamento das etiquetas, ese imprescindible elemento da mercadotecnia actual. A das drogas e/ou o seu tráxico destino, para dicilo claro.

Sobre o primeiro, admito de entrada e lamento que, pese a convivir con Lois case 34 dos 38 da anos da súa vida, carezo de tal fío directo para ditaminar cal sería a súa opinión sobre o que pasou este ano no que cumpriría os 53. Unha das preguntas que máis tiven que responder ao longo destes meses é que pensaría Lois sobre a súa designación como autor do Día das Letras 2011 e os actos conseqüentes. Eu dixen que supoñía que moitos o emocionarían, outros provocaríanlle ese sorriso irónico que era marca da casa e algún supoño que a súa educación, tamén marca da casa, lle impediría dicir o que lle parecía ou manifestar abertamente o seu desacordo.

Si sei que, como calquera creador, Lois non era alleo ao recoñecemento, por moito que non o buscara. (Como dicía Jules Renard, “todos os grandes homes foron ignorados; pero eu non son un gran home, así que preferiría ter éxito inmediatamente”). Preparaba cada entrevista con tanto coidado coma se fose unha peza literaria, e coleccionaba e clasificaba os recortes. Nos últimos días da súa vida, recibiu con tanta alegría o ser finalista nos Premios da Crítica Galicia como decepción cando non foi o galardoado. E, querendo como quería ser querido, estou certo de que se conmovería cos esforzos tan xenerosos e desprendidos por parte de moita xente, algúns coñecidos e a maioría descoñecidos, que conformaron o Ano Lois.

Sobre o segundo, é patente a fascinación que xera a presunta marxinalidade dun autor no máis ben pacato mundo das letras galegas, ou españolas, e mesmo as súas inmensas posibilidades como lexítimo ariete contra o sistema literario realmente existente. A súa obra quizais estea á marxe, pero non foi un marxinal. Aspecto este que ás veces se axita como unha bandeira, como se fose unha proba da modernidade das nosas letras. Sen ánimo de levar a contraria a moitos, e a algúns dos poñentes neste congreso, non penso que os seus malos hábitos influírán de forma determinante na súa creación, quitado certas referencias. Pola contra, si influíron os literatos de mala vida e os músicos toxicómanos. Xa Descartes advertiu que os malos libros provocan malos costumes e os malos costumes provocan bos libros. Non influíron, desde logo, tanto como a música, o cine ou as súas escasas vivencias rurais. A súa poesía xa era a súa poesía antes e despois desa circunstancia vital. Pénsoo así, e confortoume escoitar na conferencia inaugural a Pere Gimferrer afirmando o mesmo, pero mellor dito.

En canto ao indubidable sentimento tráxico da súa obra, traspasada do que el definiu como humor tibetano, é interesante o discurso que fixo no acto oficial do 17 de maio Antón Santamarina, que creo recordar que se definiu como un *outsider* do fenómeno Lois. En calidade de recién chegado ao *loisismo*, Santamarina recoñecía a súa sorpresa ao descubrir a súa formación lingüística, “por encima do que é normal entre os escritores da súa xeración” (e de case todas).

Tamén “o madrugador que foi Pereiro en Galicia (e creo que tamén en España enteira) en descubrir figuras como a de Paul Celan ou Thomas Bernhard. Na súa análise filolóxica, Santamarina observaba que na poesía pereiriana as palabras máis usadas, “por orde decrecente son as seguintes: *vida, morte, noite, corpo, ollos, día, tempo, sombra, luz, terra, amor e forza*. Case elas soas fan a autobiografía do noso personaxe”. Desde logo, están *morte, noite e sombra* –eses clásicos da etiqueta– pero tamén *día, luz, terra, amor e forza*. E a máis frecuente é *vida*. Pese á etiqueta, pese á realidade que hai detrás dela, pese a esa intuición tráxica que tivo desde rapaz, arriscaríame a dicir que Lois foi unha persoa feliz, na medida en que pode selo alguén que non sexa idiota. Porque gozou en moitos momentos da súa vida, sobre todo ao comezo e ao final, da felicidade dos que se saben apreciados, e tamén porque era –iso podo aseguralo sen dúbidas– unha persoa enormemente divertida. Ao mellor foi que seguiu aquel consello de Billy Wilder: “Se te sentes realmente feliz, deberías escribir unha traxedia; se te sentes verdadeiramente desgraciado, deberías escribir unha comedia”.

Finalmente, as interpretacións sobre o que “realmente pensaba” Lois son un debate tan habitual como lexítimo. Pero sorprendentemente en alguén tan alleo aos círculos literarios, e afortunadamente para todos e sobre todo para os seus estudosos e eséxetas –se lles queren facer caso– el deixou fixadas as súas posicións, negro sobre branco, tanto no manifesto político *Unha modesta proposición*, coma nesa confesión sobre a súa forma de entender a literatura que é o coloquio con Manuel Rivas.

E para rematar, dúas conclusións.

Unha. Sempre se di que, pasados os fastos, o tempo ditaminará sobre a obra dun autor. (Ou non. Por que, en detrimento do presente, lle adjudicamos ao futuro a infalibilidade dunha axencia de cualificación de riscos? Ou por que pensamos que o futuro será indefectiblemente mellor e non unha época na que se recuperará a don Ramón de Campoamor?). Pero o que nos afecta é o presente. Un presente no que moitos gozamos da difusión do mundo Lois, participar del e comprobar que, como dicía o seu amado Kafka, a literatura é sempre unha expedición á verdade.

Outra. Estes son tempos nos que, con respecto á cultura ou ao idioma, hai ben razóns para preocuparse e para que os pesimistas, máis que nunca, sexamos realmente os optimistas ben informados. Pero hai que recordar que a *Modesta proposición* está escrita en tempos ben máis miserables e desesperanzados aínda ca estes, e é un chamamento a non renderse. Así que, como dixen moitas veces neste ano, que fermosa é unha cultura e unha xente que converteu un punk urbano, un dandy rural, un rapaz tímido que se sentía seguro nos libros, nos discos e nas películas, nun fenómeno literario e social.